



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO ENSINO
SECUNDARIO
POETA AÑÓN - 15027976

Rúa Poeta Añón, 21
15230 - Outes (A Coruña)
881 866 221 - ies.poeta.anon@edu.xunta.gal



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE investe no teu futuro"

PLAN XERAL ANUAL

CURSO 2023-2024

IES Poeta Añón. Serra de Outes

Índice personalizado

INTRODUCCIÓN.....	2
1. TIPOLOXÍA DO CENTRO.....	2
1.1. Unidades.....	2
1.2. Instalacións.....	2
1.3. Horarios.....	3
1.3.1. Horario de uso das instalacións.....	3
1.3.2. Horario de verán.....	4
1.4. Persoal docente.....	4
1.5. Persoal non docente.....	6
1.6. Transporte escolar.....	6
2. ESTUDOS IMPARTIDOS.....	6
3. CALENDARIO ESCOLAR.....	6
4. OBXECTIVOS XERAIS E ACTUACIÓN S PROPOSTAS PARA CONSEGUILOS.....	7
4.1. Obxectivos organizativos.....	7
4.2. Obxectivos curriculares.....	9
4.3. Obxectivos para a apertura a sociedade.....	12
5. CRITERIOS XERAIS SOBRE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	13
Criterios de promoción.....	13
Criterios de titulación.....	14
Criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso.....	15
6. LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	15
7. ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓN S DIDÁCTICAS..	16
8. LIÑAS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN E ACCIÓN TITORIAL.....	16
9. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.....	18
Publicidade das programación s.....	18
Aula de convivencia.....	18
Procedemento nas gardas.....	19
NECESIDADE DE PROFESORADO CON MÁIS DE DÚAS GARDAS SEMANAIS.....	20
10. ACTIVIDADES DE TITORÍA DO ALUMNADO DO PRÁCTICUM.....	21
11. EQUIPO DE BIBLIOTECA.....	21
12. CLUB DE LECTURA.....	22
13. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA.....	22
14. DOCUMENTOS DE CENTRO.....	22



INTRODUCCIÓN

Para a elaboración do Plan Xeral Anual teremos como referencia o artigo 104º do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.

Tratando de seguir este esquema elaboramos o presente Plan Xeral Anual como expresión do Proxecto Educativo de Centro actualizado en xullo de 2023 e co obxectivo de que sirva de guía para o desenvolvemento das actividades que se realizan no IES ao longo de todo o curso.

Este vai ser un curso especial, pois o IES Poeta Añón cumpre 25 anos de funcionamento, o que teremos moi presente durante todo o curso.

1. TIPOLOXÍA DO CENTRO

O IES Poeta Añón é un centro público situado no concello e Outes, onde a poboación está repartida en pequenos núcleos rurais e, polo tanto, moi dispersa.

A maior parte do alumnado procede do centro adscrito, CEIP da Serra de Outes. Aínda que estes últimos cursos estamos recibindo alumnado doutros puntos de España (Ames, Canarias, Málaga, Becerreá,...) e tamén algún alumnado inmigrante (Colombia, República Dominicana, Perú,...)

1.1. Unidades.

Durante este curso temos operativas 7 unidades de ESO, sendo a distribución por niveis:

- 1 grupo de 1º de ESO con 25 alumnos/as.
- 2 grupos de 2º de ESO con 23 e 24 alumnos/as.
- 2 grupos de 3º de ESO con 14 alumnos/as cada un.
- 2 grupos de 4º de ESO con 15 e 16 alumnos/as.

Tamén temos un grupo de ESA (educación secundaria para as persoas adultas) que se imparte en horario de noite. Hai 19 persoas matriculadas en Módulo III e xa varias (ademáis destas) que solicitaron matrícula para Módulo IV. O alumnado cursa estudos de módulo III ata o mes de febreiro e de módulo IV desde febreiro ata o mes de xuño.

Neste momento tamén temos 2 grupos de capacitación dixital , onde se forman en uso de dispositivos móbiles e ordenadores unhas 33 persoas adultas.

1.2. Instalacións.

Para impartir as clases ordinarias o centro dispón de 7 aulas para cada un dos grupos de alumnado de ESO e tres aulas para os desdoubles de materias.

Tamén existen aulas específicas de música, artes plásticas, un só laboratorio que comparten Física-Química e Bioloxía-Xeoloxía, un aula-taller de Tecnoloxía e un ximnasio. Actualmente temos dúas aulas de informática, unha delas está sendo utilizada como aula de capacitación dixital, pois o IES pertence á recente



rede de capacitación dixital.

Hai unha sala para o profesorado e unha zona de departamentos con 10 salas.

Ademáis, hai unha aula de convivencia.

Existe unha zona administrativa onde se atopan os despachos de dirección, xefatura de estudos de diúrno, secretaría, orientación, antiga aula reservada para a asociación de pais que ocupa a xefatura de estudos de adultos, e local de conserxería, reprografía e administración. Nesta zona tamén dispoñemos dunha aula de atención ás familias.

No IES non hai servizo de comedor polo que foi reconvertido este espazo nunha sala de usos múltiples cunha dotación de medios audiovisuais suficiente para realizar as actividades do IES.

A biblioteca do centro está dividida en dous niveis comunicados por unha escaleira que dificulta o acceso ao persoal con mobilidade reducida. A pesar da limitación do espazo, actualmente posúe unha correcta dotación de libros e material audiovisual e dispón dunha zona con ordenadores para o alumnado. Desde o curso 2007-08 todas as zonas do IES dispoñen de conexión de rede por cable e cobertura wifi, mellorada coa extensión de Edixgal ao cursos 3º e 4º de ESO.

Hai un patio interior grande moi empregado para realizar as actividades complementarias e xogar ao tenis de mesa durante os recreos e un patio exterior con pistas de balonmán, baloncesto e zona verde arborada con especies autóctonas. **Bótase en falta e necesítase un espazo exterior cuberto onde o alumnado poida estar durante os recreos en días de choiva.**

Coa implantación do Plan Abalar o uso de recursos a través da web aumentou notablemente. A conexión telefónica do centro foi mellorada no ano 2017 coa instalación dunha antena e un novo enrutador que permite una conexión de ata 500Mb, aínda que a velocidade real non chega aos 300Mb.

1.3. Horarios.

O alumnado de ESO en modalidade de diúrno ten unha xornada de seis sesións de 50 minutos desde as 8,25 ata as 14,05 con dous descansos de 20 minutos de luns a venres. O luns hai dúas sesión de tarde, desde as 16,20 ata as 18 horas.

O alumnado de ESA asiste ao centro desde as 18,30 ata as 22,30 de luns a venres. Os cursos son cuatrimestrais impartindo o módulo 3 ata o mes de febreiro e despois o módulo 4 ata o mes de xuño.

O centro abre ás 8:00 horas. Pensamos que é o tempo suficiente para que o transporte chegue de forma escalonada sen que existan esperas innecesarias, tendo en conta que a hora de entrada son as 8,25 horas.

1.3.1. Horario de uso das instalacións.

O alumnado que o xustifique poderá usar as instalacións, dentro do horario do centro, sempre que haxa unha persoa adulta responsable que se faga cargo da actividade.

Como se indica no apartado 6.10.9. do Plan de Convivencia, as instalacións do IES están dispoñibles para calquera asociación do entorno nas condicións aí recollidas.

1.3.2. Horario de verán.

Durante o mes de xullo o centro está aberto ao público de 9 a 14 horas.

A existencia dun só auxiliar administrativo e a necesidade de compatibilizar os horarios coas vacacións do persoal fai imposible a apertura do centro durante o mes de agosto. Para atender calquera emerxencia queda exposto na zona exterior do IES, accesible ao público, e salientado na páxina web do centro un correo electrónico e un teléfono móbil para poñerse en contacto co persoal do IES e indicar o servizo requirido.

1.4. Persoal docente

O equipo de profesorado está constituído por 23,5 persoas, unha delas é liberada sindical e a súa praza está cuberta mediante adxudicación de destinos provisionais.

Entre as 23,5 persoas que formamos o equipo docente hai unha profesora de primaria adscrita a secundaria (mestra) que imparte clase en 1º e 2º de ESO. O restante é profesorado de secundaria que imparte nos dous ciclos.

Temos unha praza de pedagogía terapéutica cuberta por unha especialista con destino definitivo. E neste curso 23/24 temos tamén outra profesora de Pedagogía Terapéutica, con destino provisional, que comparte horario co CEIP de Outes.

A praza de Relixión é compartida co CEIP da Serra de Outes. A figura, cada vez máis estendida, de profesor compartido orixina problemas de integración deste profesorado nos centros e dificulta a coordinación co resto de compañeiros e compañeiras.

O esquema organizativo do IES é o seguinte:

Equipo directivo:

O equipo directivo é o mesmo que no curso pasado:

Directora:	Alfonso Torres, María Xosé
Xefa de Estudos diúrno:	Pauzat, Valerie
Xefa de Estudos nocturno:	Díaz Gómez, Ana Isabel
Secretario:	Otero Bugidos, Fernando

Departamento de actividades extraescolares e complementarias

Sóñora Luna, Francisco

Equipo alerta escolar

Antón San Miguel, María Luisa Coordinadora

Alfonso Torres, María Xosé

Pauzat, Valerie

Dinamizacións

Justo Herrero, Ana. **ENLG** e membro do equipo de biblioteca.

Martínez Martínez, Dolores. **Coordinadora de benestar e convivencia.**

Moure Sánchez, Ana M^a. Coordinadora/Dinamizadora da **biblioteca**

Díaz Gómez, Ana I. Encargada/coordinadora **Club de lectura** e membro do equipo da biblioteca

Álvarez Martínez, Susana. Membro do club de lectura

Somoza Silva, M^a Gemma. Membro do equipo da biblioteca

Pauzat, Valerie. Membro do equipo da biblioteca

López Mariño, M^a Elvira. Membro do equipo da biblioteca

García Novo, Rosalino. Coord./Dinam. **TIC**, Abalar, E-DIXGAL e membro do equipo de biblioteca.

Losada Andreu, Daniel. Dinamizador **TIC**

Profesorado por departamentos:**Bioloxía e Xeoloxía**

Sóñora Luna, Francisco (XD)

Educación plástica e audiovisual

Pérez Fernández, Maria Carmen (XD)

Educación Física

Mosquera Escudero, Laura María (XD)

Física e Química

Antón San Miguel, M^a Luisa

Losada Andreu, Daniel (XD)

1ª Lingua estranxeira: inglés

Martínez Martínez, Dolores

Villaverde Vázquez, Julio (XD)

2ª Lingua estranxeira: francés

Pauzat, Valerie **XED**

Lingua Castelá e Literatura

Nóvoa Aira, Mercedes

Viqueira Liñares, Clara (XD)

Música

Justo Herrero, Ana (XD)

Lingua Galega e Literatura

Campos Agrafojo, Manuela (sustituída por María

Pereiro Uzal, por estar de baixa)

Leis Figueroa, Iria María (XD)

Matemáticas

García Novo, Rosalino (XD)

Alfonso Torres, M^a José **DIR**

Barrera Cernadas, Inés

Orientación

Neira Dono, Lucia (XD)

López Mariño, Elvira (PT)

Lema Moledo, M^a Jesús (PT)

Tecnoloxía

Moure Sánchez, Ana (XD)

Otero Bugidos, Fernando **SEC**

Xeografía e Historia

Álvarez Martínez, Susana (XD)

Díaz Gómez, Ana Isabel **XEN**

Relixión

Somoza Silva, Gemma



1.5. Persoal non docente.

Auxiliar administrativo	José Ignacio Castelo González
Conserxe	José Ramón Esperante Figueira
Conserxe	Javier Mayo Maceira
Limpeza	María José Martínez Rodríguez
	M ^a Carmen Lorenzo Pampín

1.6. Transporte escolar.

O alumnado vive en lugares dispersos polo Concello, polo que empregan o transporte escolar 99 alumnos que supoñen un 75'5 %.

Están distribuídos en 9 liñas, a cargo da U.T.E. formada polas empresas Monbús, Autos Comparado, Autos Dosil e Autos Ferrín

2. ESTUDOS IMPARTIDOS.

No centro impartimos estudos de ESO e ESA.

A proposta da Comisión de Coordinación Pedagóxica aprobamos en claustro dedicar unha das horas de disposición de centro de 1º e 2º de ESO a Educación física. A outra hora dedícase a Língua castelán e literatura en 1º ESO e a Física e Química (laboratorio) en 2º ESO.

En xornada de noite realízanse estudos de ensino secundario en modalidade de adultos (SEGUNDA ETAPA: educación secundaria para as persoas adultas). Realízase en horario nocturno para facilitar a presenza de alumnado que traballa polas tardes.

Durante o presente curso non se imparten os módulos 1 e 2 de educación secundaria para adultos por non ter solicitude de matrícula suficiente.

En horario de tarde teñen lugar as clases de capacitación dixital para persoas adultas. É un curso de 30 horas.

3. CALENDARIO ESCOLAR

A proposta da comisión de coordinación pedagóxica aprobamos no claustro do mes de setembro as datas das avaliacións e do calendario de fin de curso.

Duración do curso:

ESO 11 setembro ata 21 xuño

ESA Probas iniciais 11, 12 e 13 setembro

M3 11 de setembro ata 2 de febreiro

M4 15 de febreiro ata 21 de xuño

Vacacións:

Nadal 22 decembro ata 7 xaneiro

Entroido 12 ao 14 de febreiro

Semana Santa do 25 ao 1 de abril

Día do ensino 7 de decembro

Días festivos elixidos polo concello 29 de setembro

Día non lectivo elixido polo centro: 20 de maio

Datas de avaliacións e entrega de boletíns de notas

Avaliación inicial 1º e 2º ESO 10 de outubro. Nesta reunión quedará determinado o alumnado que estará exento de cursar francés como segunda lingua estranxeira por presentar carencias importantes nas linguas. Este alumnado recibirá reforzo educativo no lugar das dúas horas de francés.

Avaliación inicial 3º e 4º ESO 11 de outubro

1ª Avaliación 19 e 20 de decembro . Entrega de boletíns o 21 de decembro

2ª Avaliación 20 e 21 de marzo . Entrega de boletíns o 22 de marzo

3ª Avaliación e Avaliación final 24 e 25 de xuño. Entrega de boletíns o 26 de xuño.

Presentación de reclamacións 27 e 28 de xuño.

Resolución de reclamacións o 1 de xullo.

Datas de avaliacións ESA

Avaliación ordinaria módulo III 7 de febreiro

Avaliación extraordinaria módulo III 22 de maio

Avaliación ordinaria módulo IV 12 de xuño

Avaliación extraordinaria módulo IV 25 de xuño

4. OBXECTIVOS XERAIS E ACTUACIÓNS PROPOSTAS PARA CONSEGUILOS.

Neste apartado presentamos os obxectivos que propoñemos para o presente curso, e que están fixados tendo en conta o diagnóstico do contexto do noso centro.

Dividiremos estes obxectivos en tres bloques.

4.1. Obxectivos organizativos.

- a. **Obxectivo:** Asegurar a transparencia, democracia e participación de todos na xestión do centro.

Actuacións: Facilitar a información, fomentar reunións de carácter formal e informal, intercambiar opinións, tomar decisións compartidas e compartir tamén as responsabilidades.

Neste bloque salientamos a importancia das reunións da **comisión de coordinación pedagóxica** como órgano de debate sobre os aspectos do centro que lle competen. É fundamental para a elaboración de propostas que poidan ser debatidas no claustro de forma máis áxil e precisa.

Xa no curso, 21/22, constituímos a **xunta de delegados** como órgano de canalización das propostas e inxedanzas do alumnado para a súa presentación ante os órganos de goberno. Seguiremos con ela este curso, pois pensamos que isto mellora a implicación do alumnado na xestión do centro e na elaboración de actividades de interese para toda a comunidade educativa.

Responsables: Equipo directivo, CCP, orientadora, profesorado, delegados e consello escolar.

- b. Obxectivo:** Mellora-lo clima relacional do centro nun ambiente de respecto mutuo asumindo a igualdade como un principio fundamental.

Actuacións: Estudiar dinámicas de traballo, expoñer inxedanzas e intentar convencer como principio de actuación.

Durante este curso están programadas diversas actividades tendentes a potenciar a convivencia, os valores democráticos e a igualdade dentro da comunidade educativa. Merecen especial mención os traballos previstos para sensibilizar ao alumnado durante as conmemoracións do día contra a violencia de xénero e o día da paz.

O tema do respecto e as relacións entre iguais sen atender a diferenciacións de tarefas en función do sexo estará presente en todas as actividades do IES, tanto curriculares como complementarias e extraescolares

PLAN DIRECTOR. Coordinado por Lucía Neira Dono.

Dentro do Plan director para a convivencia e mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos, este curso traballaremos a prevención de delitos sexuais e do consumo de pornografía.

Responsables: Equipo directivo, departamento de AAEE, titorías, delegados/as, profesorado.

- c. Obxectivo:** Coñecer os recursos materiais e humanos do centro, potenciando o seu uso e aproveitamento.

Actuacións: Establecer necesidades, optimizar o uso de recursos e racionalizar o seu funcionamento.

Responsables: Equipo directivo, CCP, profesorado.

- d. Obxectivo:** Fomentar as actividades complementarias e extraescolares e a formación para a boa utilización do tempo de ocio.

Actuacións: Aínda que neste centro non existe a figura de subdirector, potenciamos o **departamento de actividades complementarias e extraescolares**, para que o seu responsable actúe como un membro máis do equipo directivo e se poidan planificar estas actividades de forma máis racional.

Participamos en carreiras populares, programas de deporte escolar e saídas para prácticas deportivas e formativas para un uso saudable do tempo libre.



Ao longo do curso celebraremos as festas do magosto, samaín e entroido con xogos tradicionais e actividades lúdicas que favorecen a convivencia e fomentan a relación entre os distintos membros da comunidade educativa.

Colaboración e coordinación co Concello de Outes, en base ás cales se realizan ao longo do curso, na Casa de cultura do concello, varios visionados de películas e obras de teatro coas que traballar co alumnado a loita contra a violencia de xénero, a problemática das persoas desprazadas do seu fogar ou sen fogar,

Esta colaboración tamén nos facilita traballar co alumnado o coñecemento do seu entorno, ao colaborar o Concello co IES en visitas guiadas a instalacións municipais, como a rehabilitada carpintaría de ribeira, ou a camiñatas por roteiros do concello con interesantes elementos arqueolóxicos e patrimoniais.

Responsables: Equipo directivo, CCP e departamento de AAEE.

e. Obxectivo: Actualización e elaboración de documentos de centro

Actuacións: Actualizar o Plan de convivencia con especial atención ás NOF (Normas de Organización e Funcionamento do centro) e elaborar o Plan de Igualdade.

Co PEC actualizado en xullo de 2023, é importante promover o debate dentro do centro para que se poida actualizar os plans aprobados e elaborar o plan de igualdade.

Trataremos de divulgar todos os plans entre toda a comunidade educativa para que a súa posta en marcha sexa efectiva.

Responsable: Equipo directivo, CCP, coordinadora de benestar e convivencia, profesorado.

4.2. Obxectivos curriculares.

a. Obxectivo: Establecer un completo plan titorial para mellorar o cumprimento dos obxectivos programados.

Actuacións: Fixar liñas de actuación para os diferentes axentes da Comunidade Educativa. Implicar ás familias e ao alumnado.

Seguiremos apoiando o labor do departamento de orientación para a detección individualizada dos problemas que inciden no fracaso escolar do alumnado e poidan aplicarse as medidas correctoras máis axeitadas. Dentro destas medidas son prioritarias a elaboración das ACS novas e a actualización das xa existentes.

A coordinación do profesorado para que as medidas de reforzo sexan efectivas é un dos obxectivos prioritarios do departamento de orientación, coordinación tamén co centro de primaria adscrito, o CEIP de Outes, e os IES Campo de San Alberto e Virxe do mar, institutos nos que continúan estudos a maioría do noso alumnado ao rematar a súa etapa no noso IES.

Responsables: Equipo directivo, CCP e departamento de orientación.

- b. **Obxectivo:** Educar para a paz, a solidariedade, respecto ó medio ambiente e para unha alimentación san e equilibrada.

Actuacións: Fomentar a discusión nas titorías destes temas. Organizar actividades para concienciar ao alumnado da importancia dos temas abordados.

Ademais dos contidos curriculares propios de cada materia pensamos potenciar estes valores mediante a celebración anual nas datas correspondentes dos días do medioambiente, da Terra, a participación en programas educativos (Plan de froita, Climántica, ...) e facendo que se practiquen na vida diaria no IES.

PROXECTO CLIMÁNTICA. No que participa profesorado de varios departamentos.

É un proxecto de educación ambiental no que participamos varios centros da zona. Realizaremos actividades dentro da materia de libre configuración, Climántica, de 2º de ESO, xunto coas áreas de Bioloxía, Física e Química, Matemáticas, Educación Plástica e Audiovisual,.... Está aprobado continuar con este proxecto o presente curso.

Solicitude de acreditación Erasmus+ e CPIInnova “Innovando dende os ODS por e para os 25 anos do Poeta Añón”, co que pretendemos traballar na concienciación do noso alumnado na loita contra o cambio climático dende os ODS, ao tempo que teñen a oportunidade de coñecer outras realidades a través de movilidades polo territorio español, francés e portugués.

PLAN DE REPARTO DE FROITA FRESCA.

Este plan está subvencionado con fondos da Unión Europea e permitiranos promocionar o consumo de produtos saudables entre o alumnado. Solicitamos o reparto de froita para todo o alumnado durante dous periodos de 10 días ao longo do curso e será complementado con actividades organizadas polos departamentos de Bioloxía, Física e Química e Matemáticas.

Ao igual que no curso pasado, neste curso tamén temos solicitado este plan para o fomento de consumo de leite fresco e castañas.

Responsable: Equipo directivo, titorías, profesorado.

- c. **Obxectivo:** Fomentar o gusto pola lectura e a mellora da expresión oral e escrita.

Actuacións: Fomentaremos ao máximo a organización de actividades por parte do grupo de apoio á biblioteca e as propostas dentro do Plan lector. Dentro deste plan aprobamos adicar de forma rotatoria unha das sesións do luns, martes e mércores segundo a avaliación para que todo o alumnado do IES realice lecturas nas aulas.

Contamos cun club de lectura, no que o alumnado e profesorado participante se reúnen unha vez ao mes para realizar actividades relacionadas coa lectura.

PLAN DE MELLORA DAS BIBLIOTECAS. Coordinado por Ana Moure Sánchez

Tamén renovado para o presente curso. Destinado á mellora dos fondos bibliográficos e audiovisuais da biblioteca escolar, así como a fomentar os hábitos lectores do alumnado. Debe ser un importante axente dinamizador das actividades culturais do IES, tal como vén acontecendo en anteriores cursos.

O **PLAMBE** deste curso titúlase “**Adiós ríos, adiós fontes**”, e xira sobre a **auga**.

Profesorado do grupo da biblioteca participa nas xornadas e cursos programados desde a consellería.

CLUB DE LECTURA. Coordinado polo equipo de biblioteca, constituímos formalmente un club de lectura para fomentar as actividades lectoras do alumnado. Nel participa alumnado dos catro cursos da ESO e varios profesores e profesoras. Reuniranse un luns de cada mes para realizar a posta en común das lecturas seleccionadas

Responsable: Equipo directivo, equipo da biblioteca, profesorado.

d. **Obxectivo:** Fomentar o uso da lingua galega e o coñecemento do entorno.

Actuacións: Participar en aquelas actividades especialmente elaboradas para acadar este obxectivo. Emprego do galego para as comunicacións entre todos os membros da comunidade educativa. Tratar de dar estabilidade ao **Equipo de Dinamización de Lingua Galega** para que se encargue de coordinar estas actividades.

Responsable: Equipo directivo, Equipo de biblioteca, EDLG , profesorado.

e. **Obxectivo:** Priorizar as necesidades de formación do profesorado, fomentando a innovación e a investigación.

Actuación: A participación en diversos programas de carácter pedagóxico é unha garantía de que a maior parte do profesorado esté acadando unha formación permanente e que se manifesta no traballo diario nas aulas. Ademáis de facilitar a asistencia do profesorado a actividades de formación, dende o IES solicitouse e concedéusenos participar no PFPP.

O **PFPP** estará formado este curso por:

- Seminario de 20 horas sobre atención á diversidade
- Curso de 10 horas sobre impresión 3D e robótica
- Grupo de traballo de 20 horas sobre os Polos creativos.

Durante os últimos anos o profesorado está a facer un gran esforzo para participar en cursos de formación, de forma individual e colectiva. Participan de forma habitual nos programados por Bibliotecas Escolares e nos organizados no centro.



4.3. Obxectivos para a apertura a sociedade.

- a. **Obxectivo:** Fomentar as relacións coas familias do alumnado.

Actuación: Durante o mes de setembro convocamos ás familias do alumnado de 1º ESO a unha reunión presencial no IES co obxectivo de explicarlles o funcionamento do novo centro no que van estudar os seus fillos e fillas, reunión que serve para disipar as lóxicas dúbidas que teñen. É importante resaltar a altísima participación das familias nesta reunión, acudiu o 98 %.

Tamén se fará, como vén sendo habitual, especial esforzo en que a comunicación familias-tiros/as sexa fluída e continuada.

Ao longo do curso tamén se facilita o contacto do noso alumnado con entidades de carácter social como Misela e Adisbismur, organizando actividades contando con estas entidades.

Tamén se involucra á sociedade outiense en actividades do propio IES, como traballos do alumnado e profesorado no que participan distintas persoas e empresas do concello (a través de entrevistas, por exemplo), na procura de apertura do IES á sociedade e na procura da valorización por parte do alumnado das actividades e empresas que teñen na súa contorna.

- b. **Obxectivo:** Incrementar as relacións con institucións públicas ou privadas: concello, asociacións culturais, outros centros educativos..

Actuación: Contactar con tódolos posibles, estudar campos comúns de actuación, elaborar programas conxuntos de colaboración.

Continuarase coa coordinación e traballo conxunto co CEIP de Outes na procura dun tránsito á ESO máis suave para o alumnado.

Colaboramos con programas desenvolvidos polo **Concello de Outes** referentes á valoración do patrimonio (carpintería de ribeira, mar,...) , educación en valores, para promover hábitos saudables, aproveitamento das horas de ocio, etc.

O alumnado do IES participará no mes de novembro en actividades promovidas polo do **CIM** de Outes para abordar a problemática da violencia de xénero e o fenómeno do acoso.

Tamén, un ano máis, participará na mostra “Mares da fin do mundo”

Colaboración coa asociación Terra de Outes para actividades de navegación tradicional, coa Estivada equestre outiense para actividades de monta a cabalo, coa empresa privada de Pontenafonso para práctica de piragüismo,.....

Responsables: Equipo directivo, departamentos.

- c. **Obxectivo:** Fomentar o achegamento a outras culturas.

Actuación: Participar en Programas Europeos, intercambio de correspondencia escolar, uso de Internet, intercambios con outros centros educativos. Solicitar a acreditación **Erasmus+**.

Responsables: Equipo directivo, coordinador de actividades complementarias e extraescolares,

profesorado de varios departamentos.

- d. Obxectivo:** Coordinar as actuacións oportunas cos servizos de apoio educativo.

Actuación: Realizar o seguimento de todo o alumnado con necesidades educativas especiais.

Coordinar actuacións cos servizos sociais do Concello e co servizo de reforzo educativo que presta o concello, sobre todo no caso do alumnado con máis problemas.

Responsable: Equipo directivo, profesorado, departamento de orientación, Concello.

5. CRITERIOS XERAIS SOBRE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Seguindo as instrucións da Orde do 26 de maio de 2023, pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, durante o curso estableceranse cinco sesións de avaliacións. As datas destas sesións determináronse no mes de setembro no claustro de principio de curso trala proposta da Comisión de Coordinación de Pedagóxica, e son as que figuran no apartado adicado ao calendario escolar deste documento.

Temos un modelo para recoller a información inicial do alumnado coa que as titorías elaborarán o informe despois da avaliación inicial.

Nas reunións para as avaliacións iniciais de 1º ESO, que terán lugar no mes de outubro, analizaranse as características do novo alumnado e tomaranse as decisións sobre as exencións do francés e as medidas de reforzo a adoptar á vista dos datos iniciais tomados e dos informes previos existentes.

Para o resto do alumnado, 2º, 3º e 4º de ESO, as reunións para as avaliacións iniciais tamén serán en outubro.

Criterios de promoción.

As promocións do alumnado faranse de acordo co artigo 28º da Orde do 26 de maio de 2023.

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.
2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumbran tamén todas as condicións seguintes:
 - a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.



- b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
- c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.
- d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

Para adoptar as decisións nos apartados c), d) e e), unha das consideracións que se terá en conta será ao alumnado no que se determine con claridade un abandono total dalgunha das materias suspensas. Esta situación é considerada como unha interrupción do proceso de aprendizaxe e imposibilita a consecución das competencias clave e dos obxectivos.

Entenderase que un alumno abandona cando non participa dos procesos de aprendizaxe marcados polo profesorado como, por exemplo, a presentación da libreta coas tarefas da materia, a entrega dos traballos marcados, lectura de libros seleccionados como obrigatorios ou a realización dos exames escritos ou orais sen un mínimo interese (non entregados ou maiormente en branco).

Para que o abandono sexa considerado como efectivo deberá ser comunicado ao titor ou titora do alumnado antes da realización da segunda avaliación para que se transmita este feito ás familias e se lles notifiquen as súas consecuencias.

O alumnado só poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional, poderá permanecer un ano máis en cuarto.

Criterios de titulación.

Para decidir a titulación do alumnado terase en conta o artigo 29º da Orde do 26 de maio de 2023.

A decisión de titulación farase de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos xerais de etapa.

Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

1. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
2. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas no perfil de saída.
3. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

A efectos de considerar a titulación terase especialmente en conta ao alumnado no que se determine con claridade un abandono total dalgunha das materias suspensas. Esta situación é considerada como unha interrupción do proceso de aprendizaxe e imposibilita a consecución das competencias clave esixibles para a obtención do título de graduado.

Entenderase que un alumno abandona cando non participa dos procesos de aprendizaxe marcados polo profesorado como, por exemplo, a presentación da libreta coas tarefas da materia, a entrega dos traballos marcados, lectura de libros seleccionados como obrigatorios ou a realización dos exames escritos ou orais sen un mínimo interese (non entregados ou maiormente en branco).

Para que o abandono sexa considerado como efectivo deberá ser comunicado ao titor ou titora do alumnado antes da realización da segunda avaliación para que se transmita este feito ás familias e se lles notifiquen as súas consecuencias.

A efectos de promoción e titulación teranse en conta as materias suspensas de todos os cursos.

As decisións sobre promoción e titulación do alumnado con materias suspensas requirirán o acordo favorable da maioría simple do equipo docente.

Cada departamento deberá facer constar na súa programación os métodos e criterios de avaliación aos que deberá someterse o alumnado que deba recuperar materias pendentes de cursos anteriores.

O alumnado que, despois de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias ou dos ámbitos que non superase, de acordo co currículo establecido no Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da ESO en Galicia.

Criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso.

O alumnado que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a 9 puntos, poderán recibir a mención de matrícula de honra. Esta mención poderáselle conceder, como máximo, a un número de alumnos/as igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro no cuarto curso.

Concederanse as mencións de matrícula de honra ao alumnado con maior nota media no cuarto curso de ESO. En caso de empate, concederase a mención de matrícula de honra a quen obtivera a maior nota media durante toda a etapa educativa.

6. LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Dado o incremento de alumnado con necesidades especiais de atención, neste curso teremos máis horas de PT e teremos reforzos en aula, sobre todo en 1º e 2º ESO que é onde hai máis concentración de necesidades. Durante os primeiros días do curso o profesorado realizará as avaliacións iniciais do alumnado para poder programar o curso en función das características do seu alumnado. Esta información será facilitada ás titorías para que poidan elaborar o informe de avaliación inicial.

Como xa queda recollido con anterioridade, en outubro realizaremos xuntas de avaliación inicial para todo o alumnado, reunións nas que se decidirá quen estará exento de francés e que medidas de reforzo se tomarán con cada alumno e alumna que as necesite.

As medidas de reforzo educativo serán postas en práctica polo profesorado en colaboración co departamento

de orientación e serán comunicadas ás familias para poder actuar de forma coordinada.

Para o alumnado con necesidades educativas máis elevadas poden plantexarse reforzos fóra da aula nalgunha sesión para traballar de forma individualizada coas especialistas en PT segundo as súas necesidades, aínda que priorizaremos o reforzo en aula.

Para o alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe severas, o profesorado, en colaboración co departamento de orientación, elaborará as correspondentes ACS. Este alumnado será prioritario á hora de recibir reforzo, reforzo que só será fóra da aula cando a casuística do alumnado así o aconselle.

7. ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.

As programacións didácticas das distintas materias e ámbitos da ESO incluirán, como mínimo, os seguintes elementos:

1. Introducción.
2. Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
3. Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, que incluirán a parte do currículo da materia ou do ámbito que se traballará e a relación de instrumentos de avaliación.
4. Metodoloxía.
 - Concrecións metodolóxicas.
 - Materiais e recursos didácticos.
5. Avaliación
 - Procedemento para a avaliación inicial.
 - Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia ou do ámbito, e criterios de recuperación.
 - Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
6. Medidas de atención á diversidade.
7. Transversal.
 - Concreción dos elementos transversais.
 - Actividades complementarias.
8. Práctica docente.
 - Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
 - Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

8. LIÑAS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN E ACCIÓN TITORIAL.

Os departamentos de orientación priorizarán accións que se enmarquen dentro das seguintes liñas e que serán



o referente para o deseño do seu plan anual:

1. Actuacións referidas á actualización e elaboración dos distintos documentos que integran o Proxecto Educativo do Centro. Asesoramento e colaboración, no ámbito das súas competencias, na elaboración do proxecto educativo.
2. Con respecto ao resto das actuacións propias da orientación educativa, contempladas na Orde do 24 de xullo de 1998, seguen vixentes as instrucións da Circular 10/2008 e o decreto 229/2011, do seguinte xeito:

a) Relacionados coa inclusión e a diversidade.

- Asesorar ao equipo directivo sobre o contido do proxecto educativo e os documentos que o integran, especialmente sobre as medidas de atención á diversidade e a acción tutorial.
- Elaborar e poñer en practica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
- Axustar as propostas de apoio educativo á realidade de cada alumno/a, con intervencións inclusivas e orientadas polo potencial de aprendizaxe do alumnado.
- Asesorar ós departamentos e profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das programacións de curso, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares.
- Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

b) Relacionados coa acción tutorial.

- Colaborar co profesorado tutor no desenvolvemento das medidas contempladas no plan de acción tutorial (PAT), asesorando á totalidade da comunidade educativa sobre o sistema educativo, os procesos de admisión, as accións de acollida, os cambios de centro e a participación na organización e no goberno dos centros.
- Colaborar cos diferentes equipos docentes no deseño e elaboración de protocolos para a realización da avaliación inicial do alumnado.
- Diseñar e poñer en práctica programas destinados á promoción da convivencia e á resolución pacífica dos conflitos.

c) Relacionados coa orientación académica e profesional e a aprendizaxe permanente.

- Orientar ás persoas demandantes de información sobre o procedemento do recoñecemento, avaliación e acreditación de competencias. (ESA)
- Participar e colaborar na difusión e apoio de accións de fomento da cultura emprendedora, así como favorecerlle o coñecemento e utilización das ferramentas dispoñibles en materia de emprendemento.
- Prestar atención ós momentos de transición académica ou ó mundo laboral, asesorando ó alumnado nos distintos itinerarios formativos, nas validacións, na elección de materias, nas competencias para a



empregabilidade e nas técnicas de busca de emprego.

- Informar ó profesorado, ao alumnado e ás familias sobre a inserción profesional, as oportunidades do mundo laboral, o autoemprego, a creación de empresas e as necesidades do contorno produtivo. (ESA)
- Asesorar sobre a importancia da formación ao longo da vida para a mellora profesional ou para a incorporación ao mercado laboral, prestando especial atención ás persoas adultas. (ESA)
- Asesorar ó alumnado sobre a incorporación a FP Básica.
- Promover medidas tendentes á diminución do absentismo escolar e do abandono temperá dos estudos.

d) Relacionados coa convivencia e coa educación en valores.

- Diseñar e poñer en práctica programas destinados á promoción da convivencia e á resolución pacífica dos conflitos, asesorando na elaboración do plan de convivencia do centro e colaborando nas actividades de prevención establecidas no protocolo de prevención do acoso escolar e ciberacoso.
- Asesorar á comunidade educativa sobre a elaboración e aplicación das normas de organización e funcionamento.

e) Relacionados co plan de orientación, co plan anual e coa memoria de cada curso.

- Manter actualizado o plan de orientación, concretando no plan anual do departamento as actuacións previstas para o curso, os seus destinatarios, os responsables da súa execución e a temporalización correspondente.
- Realizar a memoria final do curso en base ao desenvolvemento do plan anual, cunha adecuada fundamentación das propostas de mellora que procedan para o curso seguinte.

f) Relacionados cos procesos de avaliación e calidade.

- Asesorar á comunidade educativa sobre os proxectos de mellora e calidade do sistema educativo.

g) Relacionados co drdoriente e drdadi.

- Facilitar a información que se demanda na aplicación nos prazos establecidos.

O departamento de orientación adaptará para os seus respectivos ámbitos de actuación as liñas prioritarias anteriores, que son o referente para o deseño do Plan Anual de Actividades.

9. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.

Publicidade das programacións.

Ademais da explicación na aula, os aspectos máis relevantes das programacións serán publicados na páxina web do centro no bloque dedicado aos departamentos, feito que será posto en coñecemento das familias a través de Abalar.

Aula de convivencia.

No centro existe un aula de atención educativa e convivencia para atender ao alumnado que, pola súa conduta disruptiva, impida o normal desenvolvemento do traballo do seu grupo-clase.

O alumnado que teña que saír da aula deberá facelo acompañado dun parte de incidencias no que deberán constar as tarefas que terá que realizar. Deberá dirixirse á sala de profesorado para amosarlle o parte de incidencias ao profesorado de garda que o acompañará ata a aula de convivencia.

O uso da aula de convivencia deberá acollerse as seguintes normas:

- Non poderá derivarse alumnado a aula de convivencia sen actividades ou tarefas para realizar durante a súa permanencia nela.
- Correspóndelle ao profesorado que remita ao alumnado a esta aula establecer as tarefas que cada alumno deba realizar, corrixilas e avalialas.
- Haberá un libro rexistro que deberá cumprimentar o profesorado de garda cada vez que se faga uso da aula de convivencia.
- As familias do alumnado remitido á aula de convivencia serán informadas desta situación polo profesorado que o derive á mesma, indicando as causas que o motivaron.
- No caso de reincidencia o titor/a solicitará a visita da familia para explicarlle a situación e tratar de reconducir o problema.
- De non producirse unha melloría na conduta desde a dirección do centro citarase á familia para estudar outras posibles medidas correctoras.

Procedemento nas gardas.

O profesorado de garda terá como funcións e obrigas:

- Deberá facerse cargo do alumnado que se atope sen profesor ou que abandone a aula por motivos disciplinarios, comprobando que realice as tarefas encomendadas. Ningún alumno poderá permanecer só, sen atención do profesorado.
- Fará constar no Libro de Gardas as faltas de asistencia e puntualidade do profesorado e as incidencias, se as houbese.
- Atenderán no caso de enfermidade ou accidente ó alumnado, e resolverán, se está ó seu alcance, calquera incidencia.
- Evitarán que o alumnado estea nos corredores ou lugares non apropiados dentro do seu horario de clases.
- Resolverá no acto cantas incidencias do alumnado se produzan durante a xornada lectiva, ben informando inmediatamente a calquera dos membros do Equipo Directivo ou en ausencia destes, adoptará as medidas que estime máis oportunas.

O profesorado que se ausente deixará traballo para que realice o alumnado durante a garda. De non existir tarefas da materia dedicarase a hora á lectura, para o que estará dispoñible en todas as aulas un cofre con libros para que escolla o alumnado. Ao remate cubrirase a folla que hai no cofre para rexistrar todas as actividades de lectura realizadas.

Cando se realicen actividades extraescolares a docencia do profesorado acompañante deberá ser cuberta, con carácter prioritario, polo profesorado que quede liberado de clases pola ausencia do alumnado. De non ser suficiente tamén participará o profesorado de garda.



NECESIDADE DE PROFESORADO CON MÁIS DE DÚAS GARDAS SEMANAIS

O claustro do IES Poeta Añón está constituído por un total de 23'5 docentes, a 2 gardas semanais por docente, teríamos un total de 46 gardas semanais a poder facer.

O profesorado de garda debe cubrir cada semana:

- **32 gardas de clase** (os períodos lectivos semanais), que coas funcións e obrigas que ten o profesorado de garda **debería haber, como mínimo, dúas persoas en cada período lectivo**. No noso caso temos períodos lectivos cunha única persoa de garda apoiada, cando o necesita, polo equipo directivo e resto de profesorado que está no IES con outras funcións (xefaturas de departamento, titorías familias, algunha coordinación ou dinamización, ocos libres,.....), pero **non é viable ter todos os períodos lectivos cunha única persoa**.
- **5 gardas de recreo** (temos 10 recreos semanais pero contamos cada garda de recreo como 1/2 hora no horario) , nas que é necesario ter como mínimo dúas persoas polas características físicas do centro (para que poida estar unha persoa de garda no interior do IES o a outra no exterior). **O que significan 10 horas de garda de recreos semanais**.
- **6 gardas de entrada/saída**

Só isto son 48 horas de garda semanais (máis das 46 que poderíamos facer con 2 gardas por docente), **pero son absolutamente insuficientes para un correcto funcionamento da actividade lectiva, pois teríamos:**

- ➔ **os 32 períodos lectivos semanais cunha única persoa de garda**, o cal non garante a necesaria custodia do alumnado
- ➔ todos os recreos coa **BIBLIOTECA PECHADA**, por non ter profesorado que poida facer garda nela
- ➔ **os 10 recreos cunha única persoa de garda que tería que vixiar dúas zonas separadas** (interior do centro e patio exterior).

CONCLUSIÓN: Para poder atender cunhas mínimas garantías ao noso alumnado, e tendo en conta que só somos 23'5 profesores/as no noso IES, É NECESARIO E IMPRESCINDIBLE CONTAR CON PROFESORADO CON MÁIS DE DÚAS GARDAS SEMANAIS.

Comunicación de incidencias relevantes.

Cando se detecten situacións que requiran dun trato particular, ao criterio do observador, deben ser comunicadas ao titor do grupo para que sexan analizadas seguindo o procedemento habitual. Se, a xuízo do titor, son da suficiente relevancia comunicará esta situación á dirección do IES que abrirá un Incidente de Convivencia para analizar a situación e valorar as medidas a tomar. Deste procedemento e da valoración do mesmo quedará unha copia na carpeta de Convivencia ubicada no armario de dirección.

10. ACTIVIDADES DE TITORÍA DO ALUMNADO DO PRÁCTICUM.

Por acordo do Claustro e do Consello Escolar en xuño de 2011, acordo renovado curso a curso ata o presente, decidimos que o IES participara na formación do alumnado que participe no máster de formación de profesorado. Esta decisión implica o compromiso do centro para facilitar que durante a fase de prácticum o alumno/a adquiera a experiencia necesaria para a planificación, a docencia e a avaliación das materias correspondentes. Tamén deberá acreditar un bo dominio da práctica docente e dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia. Ademais posibilitarase a orientación psicopedagóxica e o coñecemento dos aspectos organizativos e de funcionamento dos centros.

Para lograr estes obxectivos o alumnado acollido será autorizado a participar en todos os órganos de coordinación do centro, comezando polas reunións do departamento á que pertenza a súa materia, comisión de coordinación pedagóxica, claustro e consello escolar para que comprenda todas as labores que debe desenvolver un docente no exercicio das súas funcións.

Este proceso realizarase en varias fases:

- 1ª. Presentación ao profesorado e ao persoal que traballa no centro do alumnado en prácticas.
- 2º. Participación na elaboración da programación das actividades nas que vai participar.
- 3º. Colaborar coa persoa que actúe como titora nas actividades de docencia directa que lle permitan adquirir as destrezas mínimas para o exercicio da profesión docente.
- 4º. Participar na acción tutorial, xunto co departamento de orientación, incluíndo as relacións coas familias.
- 5º. Asistir as sesións de avaliación.
- 6º. Asistir a algunha sesión da comisión de coordinación pedagóxica para observar o seguimento do proceso de aprendizaxe.
- 7º. Participar nalgunha sesión do claustro e do consello escolar para coñecer o funcionamento de todos os órganos de goberno dun centro.

11. EQUIPO DE BIBLIOTECA.

Desde a incorporación do IES ao Plan de mellora das bibliotecas escolares no curso 2006-07 tratamos de dar estabilidade ao grupo de apoio á biblioteca e garantir uns orzamentos que permitan o seu funcionamento e mellora constante.

Para o presente curso está formado polas persoas citadas de seguido, indicando a carga horaria asignada (que inclúe horas de dinamización e gardas de biblioteca):

COORDINADORA	Moure Sánchez, Ana M ^a	5
EQUIPO DE APOIO	Martínez Martínez, Dolores	4
	Pauzat, Valerie	2
	Somoza Silva, Gemma	3



	Díaz Gómez, Ana I.	2
	López Mariño, M ^a Elvira	1
	Justo Herrero, Ana	1
	García Novo, Rosalino	1

12. CLUB DE LECTURA.

Continuando coa labor dos cursos pasados créase un club de lectura que estará integrado por profesorado voluntario e alumnado do centro, todos coordinados por Ana I. Díaz Gómez, profesora de xeografía e historia e integrante do grupo de apoio á biblioteca.

As reunións terán carácter mensual e serán os luns desde o remate das clases ata a entrada da sesión de tarde. Con este método os membros permanecen no centro e non se depende do transporte para que asista o alumnado.

Por decisión do claustro, coa aprobación do Consello Escolar está solicitada a axuda para a potenciación do club de lectura para o presente curso.

13. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA.

A Coordinadora do equipo de normalización lingüística é nomeado pola directora a proposta da CCP, nel teñen representación tódolos sectores, profesorado, alumnado e persoal non docente.

No presente curso a coordinadora é a profesora de música, Ana Justo Herrero, e o equipo está formado por outro profesorado de distintos departamentos (orientación, matemáticas, lingua galega, inglés, xeografía e historia,...), alumnado dos catro cursos da ESO (o alumnado pode incorporarse ao equipo en calquera momento do curso) e persoal non docente (un dos conserxes).

14. DOCUMENTOS DE CENTRO.

O PEC, aprobado inicialmente no ano 2009, foi actualizado por última vez en xullo de 2023 para recoller as novas necesidades que viñan ocasionadas pola adaptación aos novos plans de estudo ou elaboración de protocolos que xorden para afrontar as problemáticas do acoso e ciberacoso, absentismo, protección de datos, ...

No ano 2017 aprobamos un novo Proxecto lingüístico que ten en conta os novos requisitos que esixe a implantación da LOMCE, agora toca adaptalo á LOMLOE.

O Plan de convivencia aprobado no 2017 foi modificado en 2019 para introducir nas NOF o Protocolo de Alertas Sanitarias e o regulamento do programa de libros dixitais E-Dixgal. A súa actualización será sometida a aprobación no mesmo claustro e consello escolar que esta PXA.

Tamén temos como obxectivo para o presente curso a elaboración do Plan de igualdade.

O Proxecto educativo de centro e o resto de Plans e Proxectos en vigor están publicados na páxina web do IES (O centro>Normativa>Documentos de centro) á disposición de toda a comunidade educativa.

No presente curso contamos con poder elaborar e aprobar o Plan de Igualdade.



Esta Programación Xeral Anual foi aprobada polo Claustro o día 7 de novembro de 2023 e polo Consello Escolar o día 13 de novembro de 2023.

Na Serra de Outes a 28 de outubro de 2023

A DIRECTORA

Asdo.: María Xosé Alfonso Torres